

Subvención Carballo Activa

O Concello de Carballo puxo en marcha no ano 1999 as subvencións Carballo Activa, unha liña de apoio directo ás empresas como medida para reducir os índices de desemprego locais e comarcais. Esta subvención trata de promover activamente a inserción do alumnado do Centro Municipal de Formación que ao finalizar o seu período formativo reciba unha avaliación positiva.

O obxectivo estratéxico desta medida é tender pontes cara aos pequenos empresarios, autónomos, sociedades laborais, ou cooperativas. As axudas varían en función da duración do contrato e do sexo do alumnado, tendo en conta a difícil situación da muller para incorporarse ao mercado de traballo.

Máis información sobre as subvencións Carballo Activa no:

Fórum Carballo

Praza dos Bombeiros Voluntarios, s/n

CP. 15.100 - Carballo

Teléfono: 981 709 010

DATOS DAS SUBVENCIONES DE CARBALLO ACTIVA		
Duración do contrato de traballo	Importe da subvención: homes	Importe da subvención: mulleres
Contrato de traballo menor dun ano (mínimo de 3 meses)	300,51 euros	375,64 euros
Contrato de traballo dun ano	480,81 euros	601,01 euros
Contratación indefinida	1.200,00 euros	1.500,00 euros
Emprego autónomo	1.200,00 euros	1.500,00 euros
Sociedades laborais/cooperativas	1.500,00 euros	1.875,00 euros